

Comunicado nº 018/19

18 de Febreiro de 2019

☐ **COMISIÓN TÉCNICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO:**

- ☐ Ante o comenzo da nova tempada 2019, e por necesidade de optimizar e controlar debidamente as verificacións técnicas na especialidade de Rallyes de Asfalto noméase Presidente da Comisión Técnica, da Federación Galega de Automobilismo, a Don Victor Varela Tomé (JOC1<sup>a</sup>-0082-GA).
- ☐ En tódolos Rallyes de Asfalto 2019 exercerá de Xefe Coordinador dos Comisarios Técnicos nomeados polos Comités Organizadores das probas, con obediencia debida no planeamento e puntos a verificar que sexan de interese deportivo que serán notificados pola Federación aos Colexios de Comisarios Deportivos, **por correo certificado e correo electrónico**, con anterioridade á celebración da constitución do Colexio de Comisarios Deportivos de cada proba comunicando os puntos a verificar e incluír, na orde dos días de traballo dos Comisarios Técnicos figurantes no regulamento do rallye, así como os que decida verificar a maior o Colexio de Comisarios Deportivos.
- ☐ A Secretaria, elevará informe das verificacións á Federación e ao Colexio de Comisarios Deportivos, de cada Rallye, Dona María Cal Martínez (JOC1<sup>a</sup>-0083-GA. Asimesmo exercerán un control estrito das pegadas e dos vehículos das Fórmulas de Promoción, e o informe será vinculante para as decisións da Comisión Executiva da Federación Galega de Automobilismo.
- ☐ O incumprimento das directrices conlevará a exclusión dos Comisarios Deportivos, en seguintes cadros de oficiais refusados ó efecto, por abandono de funcións e falta de celo debido no cumprimento das directrices e control do solicitado aos Comisarios Técnicos.
- ☐ As Fórmulas de Promoción serán controladas na súa totalidade, no eido das súas especificacións técnicas dos vehículos para que estean conforme ó regulamento e normativas de obrigado cumprimento, tales como a situación das pegadas sen recortar, mariposas de inxección, bridas, anulación ou non de válvulas pop off (a criterio de cada participante), anulación de catalizadores, vehículos de estrita serie no Volante F.G.A. (PXP 19), control de precintos de centralistas, etc.